

**NORMATIVA ACADÉMICA PARA O ALUMNADO DE INTERCAMBIO DA
ESCOLA UNIVERSITARIA DE ESTUDOS EMPRESARIAIS (EUEE)
UNIVERSIDADE DE VIGO**

**Aprobada na Comisión Académica de Mobilidade e Intercambio (22 de novembro
2019)**

Esta guía pretende orientar o proceso de intercambio internacional e nacional na Escola Universitaria de Estudos Empresariais (EUEE) da Universidade de Vigo.

PERSOAS SOLICITANTES

Poden solicitar os programas de intercambio as e os estudantes que cursen fóra 3.º ou 4.º do Grao en Comercio. No caso dos programas Erasmus e SICUE, o alumnado matriculado no Grao en Comercio poderá optar exclusivamente aos destinos ofertados para este centro.

Calquera estudante que opte por cursar estudos de intercambio nun ou máis programas nacionais ou internacionais durante máis dun curso académico poderá obter o recoñecemento dun máximo de 108 créditos ECTS. A única excepción deste límite recollerase para os casos do dobre titulación en dous cursos consecutivos, se os convenios así o estipulan.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

- O expediente académico.
- Coñecementos acreditados da lingua do país de destino ou, no seu caso, da lingua en que se cursarán os estudos; ademais, teranse en conta os coñecementos doutras linguas estranxeiras. Para estes efectos, o Centro de Linguas convoca probas de idiomas para quen non teña correspondente acreditación do nivel.
- Unha vez establecida a listaxe de prelación, con base nos criterios anteriores, reorganizarase de modo que terá preferencia quen superase os 60 créditos ECTS do primeiro curso.
- Tamén se poderán considerar outros requisitos das universidades de destino.

PROCESO DE SELECCIÓN E ASIGNACIÓN DOS DESTINOS

O proceso de selección dos destinos realizarase de modo presencial. As persoas solicitantes serán convocadas a unha reunión en que se asignarán as prazas por orde de prelación. Calquera estudante que non poida asistir á devandita reunión poderá designar mediante un escrito asinado e a copia do DNI a outra persoa como representante. No caso de que alguén non estea presente nin delegue noutra persoa, decae no seu dereito de elección do destino e só poderá optar ás prazas vacantes, se quedasen. Antes de elaborar a listaxe definitiva, que se comunica oficialmente á ORI, publicarase a listaxe provisional dos destinos asignados e estipularase un período para reclamacións.

CONTRATO DE ESTUDOS E RECOÑECIMIENTO

Cando se confirmen as prazas, cada estudante elaborará e asinará un **contrato de estudos**¹ (*learning agreement* ou *LA*) de acordo coa persoa responsable da subdirección ou da coordinación. Este documento permite incluír as materias da Universidade de Vigo e as do destino. Non se poderán incluír as seguintes:

- As materias de 1.º ou 2.º curso do Grao en Comercio.
- As materias suspensas ou cursadas con anterioridade ao desprazamento.

Como norma xeral, e para garantir o compromiso da Universidade de Vigo e da EUEE cos programas de intercambio e mobilidade do estudiantado, tanto nacionais como internacionais, aplicarase o recoñecemento **de estudos en bloque**. Para iso, o alumnado de intercambio deberá matricularse na Universidade de Vigo dun máximo de 60 créditos anuais ou 30 créditos cuadrimestrais correspondentes a 3.º ou 4.º curso. Nos centros de destino escollerán o mesmo número de créditos ECTS (ou a súa equivalencia) ao mesmo nivel de estudos na titulación que cursen, sempre que sexa posible.

Nota: o recoñecemento dunha materia da universidade de destino por outra na Universidade de Vigo nos cursos anteriores non é garantía de que se manteña nos anos posteriores. Queda baixo o criterio da Comisión Académica de Mobilidade e Intercambio.

¹ Un exemplo de contrato figura ao final desta normativa.

MATRÍCULA

O alumnado indicará o seu carácter de intercambio na secretaría cando realice a matrícula.

Todos os estudantes deben ter os contratos validados antes do **30 de xuño** ou antes do **1 de novembro** para estadias de 2º cuatrimestre.

As e os estudantes teñen a obriga de matricularse na Universidade de Vigo das materias que figuran nos seus contratos de estudos como estudantes de intercambio.

MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE ESTUDOS

Unha vez no destino, cada estudante é responsable de cumprir os requisitos estipulados pola institución receptora (matrícula, asistencia á clase, realización das prácticas e traballos, superación dos exames, pago das taxas e outros conceptos, comportamento na residencia, actividades, etc.) ata conseguir superar as materias incluídas no seu contrato de estudos ou realizar os cambios necesarios. Calquera modificación no contrato deberá consultala coa persoa responsable na EUEE, quen decidirá a validez da devandita modificación.

O alumnado disporá **dun mes desde o comezo das clases** para que estude os cambios e solucione os problemas respecto da coincidencia das materias os mesmos días, as mesmas horas, as materias anuladas, as materias en distinto idioma do previsto etc., e presenten propostas alternativas. O alumnado afectado explicará os motivos dos posibles cambios e ademais enviaranse as propostas de cambio. A persoa responsable académica na EUEE poderá solicitarlle ao alumnado máis información (programas das materias, enderezo electrónico de contacto co profesorado estranxeiros, horarios, etc.). Despois de que obteña a evidencia necesaria, autorizará o cambio ou propoñerá alternativas. O alumnado deberá acatar estas alternativas ou elaborar novas propostas ata que a persoa responsable as acepte. Unha vez aceptadas, a persoa responsable na EUEE validará os cambios e cada estudante imprimirá e asinará de novo a modificación do contrato de estudos, ademais de solicitar as sinaturas de todas persoas responsables tanto en destino como en orixe.

Os modelos de contrato de estudos das universidades de destino non serán válidos para os recoñecementos na Universidade de Vigo. Só o que figura na Secretaría Virtual asegura que o suplemento europeo ao título sexa emitido correctamente. Logo de realizar

os cambios, o estudiantado deberá comprobar que todas as materias que figuran no contrato de estudos son as que realmente está a cursar. Este contrato de estudos será o definitivo.

O alumnado debe custodiar o contrato de estudos e entregar o orixinal con todas as sinaturas ao finalizar a súa estancia de intercambio e antes de que se lle recoñezan os estudos.

EXAMES E CUALIFICACIÓNS

Ao rematar a estancia de cada estudante, a universidade de destino emite un **certificado de notas orixinal** (*transcript of records* ou *ToR*) que é o único documento que permite o recoñecemento de estudos. Cando a persoa responsable dispoña dos orixinais do contrato de estudos e do certificado de notas, comprobará que as materias coinciden en ambos os documentos. Toda materia que non coincida co contrato de estudos final non será recoñecida.

No caso de non presentarse ao exames constará como «Non presentado/a» nunha materia na Universidade de Vigo, determinada pola Comisión de Mobilidade e Intercambio, semellante en contidos e en carga de traballo. Do resto de materias realizarase unha **media das notas da universidade de destino**, cualificación que se concederá a todas as materias. De atoparse algunha materia do destino suspensa, se a media do resto de materias alcanza un 5 poderíase validar esta última. No caso de que a media das materias (suspensas e aprobadas) non permita alcanzar un 5 constará como suspensa unha materia na Universidade de Vigo, aproximada en contidos e carga de traballo coa de destino. Unha vez rematado o recoñecemento tras ser aprobado pola Comisión de Mobilidade e Intercambio, enviarase toda a documentación á secretaría do alumnado, que lle dará entrada verificando o expediente de intercambio de cada estudante e o incorporará ao seu expediente académico.

Se hai diverxencia entre as notas esperadas e as que figuran no certificado, cada estudante reclamaralle á universidade de destino ata que esta corrixa o certificado erróneo. Unha vez transcorrido un mes desde recibilo ou desde que se pechou a revisión considérase que o recoñecemento é válido. Debido a que o Organismo Autónomo de Programas Educativos Europeos (OAPEE) pode solicitar ao azar algúns destes expedientes para

realizar as auditorías de calidade, todos os orixinais, tanto do contrato como do certificado de estudos, deben archivarase no expediente académico da EUEE.

Modelo de contrato de estudos na secretaría virtual

Pasara a preparación
Pechar Versión

Acta do contrato de intercambio

Neste apartado podera calificar e imprimir a acta do contrato de intercambio

Calificar

Materias de matrícula na Universidade de Vigo

Materias que serán obxecto de recoñecemento.
O número de convocatorias consumidas calculase ata o ano anterior ó ano da realización do acordo.

Materias internas					
Materias	Car.	Cr. ECTS	Cual.	NºC	
G270501	Contabilidade de xestión	OB	6.00	-	0
G270502	Decisións de financiamento no comercio	OB	6.00	-	0
G270503	Planificación de recursos de información integrados	OB	6.00	-	0
G270504	Xestión do comercio exterior	OB	6.00	-	0
G270505	Idioma para a negociación intercultural: Inglés	OB	6.00	-	0
G270601	Presentación e interpretación da información financeira	OB	6.00	-	0
G270603	Mercadotecnia internacional	OB	6.00	-	0
G270604	Dereito do traballo	OB	6.00	-	0
G270605	Tributación das operacións comerciais	OB	6.00	-	0
G270606	Estratexia empresarial e xestión de axudas	OB	6.00	-	0
Total créditos:			60.00		

Materias de matrícula na universidade de destino

Materias que se cursarán na universidade de destino.

Materias externas		
Materias	Motivo	Cr. ECTS
1 Financial Management 1 (Managerial Finance)		5.00
10 International Economic Policy		5.00
11 New Venture Planning		5.00
12 Operations Management		5.00
2 Quantitative Techniques		5.00
3 Financial Services 1 (Loans & Life Insurance)		5.00
4 IRISH Taxation Environment		5.00
5 Business Analytics		5.00
6 Digital Business		5.00
7 Financial Management 2 (Investment Decisions)		5.00
8 Financial Services 2 (Pensions & Regulation)		5.00
9 Business Ethics and Corporate Governance		5.00
Total créditos:		60.00